

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2005.

Santiago de Compostela, vinteseite de decembro de dous mil catro.

Jesús C. Palmou Lorenzo

Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE
E VOLUNTARIADO**

Decreto 312/2004, do 29 de decembro, polo que se pecha a Conciña da Irmandade (A Coruña).

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo dispón o artigo 27.23º do seu Estatuto de autonomía, en concordancia co artigo 148.1.20º da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social.

En virtude desa atribución competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, pola que se ordenan e regulan os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia. A mencionada lei regula como equipamentos do sistema de servizos sociais todos aqueles establecementos ou instalacións debidamente tipificados e acreditados, nos cales se desenvolvan con regularidade programas e actividades no ámbito dos servizos sociais.

No desenvolvemento da lei, e co fin de garantir a adecuada prestación dos servizos, controlar a calidade da atención e recoñecer os dereitos e deberes dos usuarios, aprobouse o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, de autorización e acreditación de centros de servizos sociais. Esta disposición regula a obriga de obter a autorización administrativa previa para a creación ou modificación dos equipamentos sociais, así como para o inicio ou cesamento das súas actividades, especificando os requisitos xerais que estes deben cumprir.

Neste sentido e segundo o Decreto 195/2003, do 20 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, correspóndelle á Dirección Xeral de Familia o rexistro, autorización, acreditación e inspección de centros e entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da familia, infancia e menores.

De acordo co artigo 29 da Lei 4/1993, de servizos sociais e o artigo 6 do Decreto 243/1995, para a creación de centros de servizos sociais propios da Administración autonómica, será necesaria unha norma con rango de decreto, e polo tanto o seu peche debe realizarse mediante norma do mesmo rango legal.

A finalización do contrato de aluguer onde se sitúa a Cociña da Irmandade (A Coruña), o estudo das posibilidades de atopar un novo local que reunise as condicións legais imprescindibles para unha instalación deste uso, e o feito de que o peche, pola demanda, non suporá un prexuízo importante para os usuarios, dado que existen centros de similares características na mesma localidade onde serán atendidos, fai inviable a relocalización deste servizo así como das súas actividades.

Por todo o exposto, de conformidade coa Lei 4/1993 e o Decreto 243/1995, por proposta da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e nove de decembro de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo único.-Péchase a Cociña da Irmandade (A Coruña).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para ditar as disposicións necesarias para a execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e nove de decembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 22 de decembro de 2004 pola que se establecen axudas económicas para paliar os danos producidos por especies cinxéticas na circulación viaria.

O artigo 148.1º.11 da Constitución, así como o artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia, confírelle a nosa comunidade a competencia exclusiva en materia de caza.

O Decreto 106/2004, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, atribúelle á devandita consellería, dentro das súas competencias, o fomento, a ordeación e o aproveitamento dos recursos cinxéticos.

A Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, modifica o texto refundido da

Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que regula a concesión de axudas e subvencións que se outorguen con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O crecente incremento das poboacións dalgúns especies cinexéticas nos montes galegos é un feito que se evidencia cada día con maior forza. Este aumento poboacional ten efectos moi positivos no contorno biolóxico e no desenvolvemento rural que a actividade cinexética propicia, pero, ao seu lado, é causa directa dun aumento da sinistralidade na rede de estradas de Galicia e, por ende, de gastos importantes tanto respecto dos condutores como dos seus vehículos. O evidente interese social que anima esta iniciativa mostrarse de modo particularmente importante no fomento do aseguramento dos danos que producen as especies cinexéticas, que haberá de producir un estímulo para os titulares dos terreos cinexéticos, agobiados polas responsabilidades que derivan desta continxencia, ao tempo que reforza a seguridade na cobertura dos danos para os automobilistas.

En virtude do anterior, en consonancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía e no uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto das axudas.

Establécese unha liña de axudas para os titulares dos terreos cinexéticos que contrataron un seguro de responsabilidade polos danos que causen as especies cinexéticas que procedan dos seus terreos cinexéticamente ordenados (en diante TECOR).

Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade e de obxectividade e someteranse en todos os seus extremos ao previsto nos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa e ao previsto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo cal se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderanse acoller a estas axudas os titulares de terreos cinexéticamente ordenados (Tecor) de titularidade privada, que subscribiran para o presente ano un contrato de seguro, que cubra a responsabilidade polos danos derivados de sinistros nas vías públicas, pola irrupción nelas de especies cinexéticas procedentes dos devanditos terreos.

Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

1. Será obxecto de axuda a subscrición da póliza de seguro por accidentes de circulación producidos por espécimes cinexéticos en Galicia.

2. Estas axudas son incompatibles con calquera outra que se poida conceder para o mesmo fin.

Artigo 4º.-Importe das axudas.

A subvención constitúese como unha axuda que se lle concede ao titular do Tecor que subscribiu un contrato de seguro, para cubrir os danos que puideran producirse por causa da irrupción na vía pública de espécimes de caza.

A contía máxima da devandita axuda será do 60% do importe da prima subscrita, sen que poida exceder en ningún caso de 0,30 euros por hectárea do Tecor beneficiario. O importe do crédito consignado no artigo 11, se fose necesario, ratearase entre todos os solicitantes, ata o límite do crédito orzamentario.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes de subvención irán dirixidas ao conselleiro de Medio Ambiente e serán presentadas nas correspondentes delegacións provinciais, directamente ou ben na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, antes do 30 de abril de 2005. Se de resultados da publicación desta orde o prazo para a presentación das solicitudes resultase inferior a 40 días, en relación á dita data, o prazo de presentación das solicitudes ampliarase ata os 40 días legalmente exixidos.

Xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

-Fotocopia do CIF/NIF do solicitante destinatario da subvención, ou persoa que o represente.

-Certificado da entidade financeira na que se encontra a conta do beneficiario para o pagamento da axuda, acreditativo da súa titularidade, número de conta e códigos da entidade, sucursal e control.

-Orixinal ou copia compulsada da póliza subscrita cunha entidade aseguradora, na que figure expresamente como incidencia asegurada os accidentes de circulación producidos por especies cinexéticas.

-Se o titular fose unha sociedade ou unha asociación, acordo do órgano competente desta polo que se aproba a solicitude desta axuda.

-Declaración do conxunto das solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes.

-Certificacións que acrediten que o beneficiario está ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º.-Mellora e corrección das solicitudes.

Iniciado o procedemento, os servizos provinciais de Caza e Pesca Fluvial examinarán as solicitudes e documentos presentados. No caso de que fosen detectadas faltas ou omisións, requirirase o interesado para que sexan emendados ou completados, no prazo dos 10 días hábiles seguintes á súa noti-

ficación, con indicación de que se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa petición, arquivándose o expediente sen máis trámite, cos efectos previstos no artigo 42º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Artigo 7º.-Resolución.

O conselleiro de Medio Ambiente, nun prazo máximo de tres meses, contados a partir da presentación da solicitude, resolverá conceder ou denegar as axudas solicitadas, en atención ao cumprimento dos requisitos que se conteñen nela e das dispoñibilidades orzamentarias. As solicitudes que non fosen expresamente resoltas poderanse estimar denegadas, sen prexuízo da obriga legal de resolver, que se establece nos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999. Estas resolucións notificaranse a cada un dos solicitantes, dentro dos 10 días seguintes á toma do acordo.

Contra elas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa ou seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 e artigo 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 8º.-Aceptación da axuda.

Unha vez resolta favorablemente a solicitude de axuda, o beneficiario disporá dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación, para remitir á Consellería de Medio Ambiente un escrito de aceptación da axuda, entendéndose, en caso contrario, que o beneficiario renuncia a ela.

Artigo 9º.-Procedemento de pagamento e xustificación.

Ditada resolución aprobatoria e unha vez que se comprobe que o solicitante presentou a documentación exixida nesta orde, procederase ao pagamento da axuda, no prazo dos dous meses que sigan á resolución aprobatoria da solicitude.

En ningún caso procederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 10º.-Disposicións xerais.

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no artigo 33 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade

Autónoma, que desenvolve o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. No caso de que se producise unha minoración da póliza e sempre que se mantivese o obxectivo inicial, a subvención concedida veríase diminuída na contía proporcional correspondente.

3. Os beneficiarios están obrigados a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos da Consellería de Medio Ambiente, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio da súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

4. Os beneficiarios quedan obrigados ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, de conformidade co disposto no artigo 19 do devandito Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 11º.-Financiamento.

As accións previstas nesta orde financiaranse por parte da Consellería de Medio Ambiente con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.342 A. 780.1, ata un importe máximo de 420.708 euros, sendo susceptible de seren incrementados en función das dispoñibilidades orzamentarias, con cargo ás mesmas aplicacións.

Disposición adicional

Única.-Esta orde de axudas tramitarase ao amparo do establecido na Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se modifica a Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, estando condicionada a concesión das axudas á aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza en xeral para ditar todas as disposicións complementarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2004.

José Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

UNIÓN EUROPEA
FEOGA ORIENTACIÓN



PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POR ESPECIES CINEXÉTICAS NA CIRCULACIÓN VIARIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA719A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DON/DONA		NIF	
ACTUANDO COMO	CONCELLO	CIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA SUBVENCIÓN

IMPORTE QUE SE SOLICITA: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- FOTOCOPIA DO CIF/NIF DO SOLICITANTE DESTINATARIO DA SUBVENCIÓN, OU PERSOA QUE O REPRESENTA.
- CERTIFICADO DA ENTIDADE FINANCEIRA NA QUE SE ENCONTRA A CONTA DO BENEFICIARIO PARA O PAGAMENTO DA AXUDA.
- ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA DA PÓLIZA SUBSCRITA COA ENTIDADE ASEGURADORA.
- SE É UNHA SOCIEDADE, ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE POLO QUE SE APROBA A SOLICITUDE DE AXUDA.
- DECLARACIÓN CONXUNTA DAS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO FIN, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 22 de decembro de 2004 pola que se establecen axudas económicas para paliar os danos producidos por especies cinexéticas na circulación viaria.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS * / /
		DATA DE SAÍDA / /

Conselleiro de Medio Ambiente

Remitir información ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza:

Praza Luís Seoane, s/n-5ª planta
15008 A Coruña

Ronda da Muralla, 70-1ª planta
27002 Lugo

Avenida da Habana, 79-1º
32004 Ourense

Rúa Benito Corbal, 47-5ª planta
36071 Pontevedra

Orde do 22 de decembro de 2004 pola que se establecen axudas económicas parara paliar os danos producidos polo lobo.

O artigo 148.1º.11 da Constitución, así como o artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia, confírelle á nosa comunidade a competencia exclusiva en materia de caza.

O Decreto 106/2004, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, atribúelle á devandita consellería, dentro das súas competencias, o fomento, a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos.

A Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que regula a concesión de axudas e subvencións que se outorguen con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O lobo mantén unha poboación abundante na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa rica biodiversidade senón ademais un elemento destacado no equilibrio biolóxico do medio no que se desenvolve. As necesidades alimenticias do lobo entran algunhas veces en conflito cos intereses dos nosos gandeiros, que sofren a depredación que ocasionalmente se realiza sobre o gando. É por iso polo que a Consellería de Medio Ambiente, para conciliar o interese da especie coa dos nosos gandeiros, pon en marcha unha liña de axudas tendentes a reparar os danos que produce esta especie sobre a gandería saneada bovina, ovina e caprina de Galicia.

En virtude do anterior, en consonancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía e no uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto das axudas.

Esta orde ten por obxecto establecer unha liña de axudas a favor dos gandeiros afectados polos ataques do lobo ás reses saneadas das especies bovina, ovina e caprina. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, concorrencia e obxectividade e someteranse en todos os seus extremos ao previsto nos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e

actuación administrativa e ao previsto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderanse acoller a estas axudas os propietarios de reses das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. O gando deberá de estar identificado e saneado de acordo coa normativa aplicable para o efecto.

Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

1. Os danos que se produzan como consecuencia dos ataques dos lobos nas reses das especies bovina, ovina e caprina de Galicia, identificadas e saneadas de acordo coa normativa aplicable para o efecto, entre o 1 de outubro de 2004 e o 30 de setembro de 2005, que fosen comunicados antes de que transcorran 24 horas desde o ataque e nos que se cumprisen os condicionados que se especifican nestes casos.

2. Estas axudas son incompatibles con calqueira outra que se poida conceder para a mesma finalidade.

Artigo 4º.-Importe das axudas.

1. A axuda configúrase como un auxilio que lle concede a Consellería de Medio Ambiente ao gandeiro, que sofre o quebranto económico derivado do ataque do lobo ao gando que se relaciona no artigo anterior.

2. O importe desta axuda terá a contía máxima que figura no anexo I desta orde e estará condicionado á existencia de crédito orzamentario.

3. O devandito importe poderá ter carácter decrecente en futuras convocatorias, no caso de que as axudas se dirixan a gandeiros que xa sufriron ataques anteriores do lobo no seu gando e non tomaron as medidas de vixilancia e protección, que lle foran indicadas no seu día, polos servizos provinciais de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. O prazo de presentación de solicitudes iníciase a partir do día seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 25 de outubro de 2005.

2. As solicitudes deberán formalizarse mediante instancia dirixida ao conselleiro de Medio Ambiente, segundo o modelo formalizado que se recolle no anexo II desta orde, e presentaranse directamente nas correspondentes delegacións provinciais ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da